

## CONCELLO DE NARÓN

### AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

#### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA ORDENANZA DENOMINADA: *Ordenanza municipal do Concello de Narón sobre a protección e tenencia de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos.***

OBJECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.  
Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma: ***Ordenanza municipal do Concello de Narón sobre a protección e tenencia de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos.***

Coa súa promulgación preténdese adaptar a ordenanza municipal actualmente en vigor á aprobación da recente normativa autonómica en materia de benestar animal, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

Resulta oportuno e necesario contar con esta regulación en aras a ofrecer unha maior seguridade xurídica na aplicación de normas e

clarificar o novo marco competencial establecido pola normativa autonómica.

Son obxectivos da disposición velar pola protección, benestar, posesión e tenencia responsable dos animais de compañía, de acordo coa atribución competencial que establece a normativa autonómica e que atribúe ás persoas titulares das alcaldías a responsabilidade superior na defensa e protección destes animais, así como harmonizar a tenencia dos animais coa convivencia social pacífica e segura, facendo especial referencia á regulación da tenencia de animais potencialmente perigosos contemplada no marco da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos e as súas normas de desenvolvemento, así como o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos; estimándose a aprobación desta norma como unha apta e imprescindible solución regulatoria para acadar os obxectivos previstos desde a óptica da menor intervención na esfera dos dereitos dos cidadáns, destinatarios últimos do actuar desta administración.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 29 de xuño de 2018.